

Calígula está aquí

Anxo Tarrío Varela

TEXTO INCOMPLETO HAI QUE PROCURAR A VERSIÓN ÚLTIMA

Noite de teatro galego. Das poucas que este cronista pode permitirse. E pagou a pena. Pagou a pena porque había tempo que a emoción diante da escena, iso que antes se chamaba *empatía*, ou participación afectiva entre o espectador e a ficción dramática que ten diante dos ollos, non tocaba a sensibilidade do cronista. E non se debeu esa emoción ao respecto que sempre despertou en min Albert Camus, nin ao impresionante texto que nos deixou en herdanza aos europeos con esta obra, senón por comprobar que hoxe en Galicia é posíbel un teatro que, ademais de serio (quero dicir, feito con profesionalidade), é oportuno, condición esta da oportunidade teatral á que calquera sociedade ten dereito para se explicar a si mesma as tribulacións e perplexidades a que se ve sometida na súa vida cotiá.

Baixo a modesta (non é retórica ¿eh?) opinión deste cronista, o *Calígula* de Camus posto en escena polo Centro Dramático Galego, dá a medida do esforzo e o sacrificio que a nosa cultura tivo que sufrir (non é hipérbole ¿eh?) para superar as limitacións, precariedades e, sobre todo, prexuízos e indiferencias con que a propia sociedade galega contemporánea mirou de sempre as creacións artísticas que se produciron na lingua do país.

Un crítico teatral (non este cronista) sabería cómo empezar a analizar dun xeito ordenado o espectáculo que tivemos ocasión de admirar os composteláns estes días pasados. Supoño que habería que comezar pola escenografía, que é o primeiro que se lle ofrece á vista ao espectador. Neste sentido, Iago Seara, un dos arquitectos máis sensíbeis con que contamos en Galicia, fixo un traballo de sencillez, economía e versatilidade dos módulos utilizados que, malia a cativa embocadura do Salón Teatro, deu xogo abondo para que o elenco de actores se poidesen mover a través dela con bastante fluidez. E tamén quizais pensaría que a medida que se vaian producindo as sesións e se vaian familiarizando os actores e as actrices co espacio de que dispoñen, todo irá a mellor.

Ese crítico analizaría a continuación, supoño eu, o ritmo xeral da posta en escena, e entón quizais tiraría a conclusión de que a primeira parte da sesión está máis lograda cá segunda, sen que esta desmereza o conxunto. Pero iso, supoñendo que sexa atinada a opinión, é corrixíbel doadamente, porque o ritmo non é outra cousa que tempo, e o tempo na arte é dúctil como un acordeón. Aínda así, coido que a difícil escena (á fin e ao cabo de mesa camilla) da confrontación-diálogo entre Quereas e Calígula está moi ben resolta.

Depois fixaríase o crítico na dirección e representación dos actores e diría que está todo moi ben, pero que por non citar un(ha) a un(ha), e por non facer do seu artigo nómina-catálogo, salientaría a valente e sacrificada actuación de Antonio Durán (“Morris”-Calígula), que soubo reprimir ou conter (sen renunciar a ela totalmente) a súa tendencia de sempre ao expresionismo.

Boa e discreta iluminación, con algúns efectos moi ben conseguidos, como na escena das lanternas previa á morte do tirano, pero algo centelleante e discotequeira demais noutro momento; o mesmo que a música, apropiada seguramente, pero concedendo nunha ocasión algo ao oído espasmódico das ‘movidas’ nocturnas. Boa tamén a utilización multimedia, coa pantalla de fondo, á que se lle tira un rendemento excepcional.